



ASOCIACIÓN DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS DO C.E.I.P. "VALLE - INCLÁN"

Tlfno.: 881 965 903 e 616135634

Web: www.apavalleinclan.com

E-mail: administracion@apavalleinclan.com


NORMATIVA INTERNA SERVIZO DE COMEDOR *CURSO 2015/16*

1. **Horarios:**

- O servizo de comedor abrangue o espazo entre as 2 e as 4 da tarde, excepto Educación Infantil que comezará 20 minutos antes. O grupo 4-6º de primaria comezará a xantar ás 2:00, mentres que o grupo de 1º-3º de primaria faranno ás 2:35-40 (pode variar).
- O horario de recollida é de 3:15 a 4 da tarde (os pais teñen que colaborar nesta medida). Dentro destes horarios haberá un monitor na porta controlando as saídas.
- Só se entregara os nenos/as fóra do horario de recollida por causas extraordinarias e xustificadas previo aviso na ANPA.
- A ANPA só se responsabilizará dos nenos que esten apuntados o servizo do comedor no horario establecido e non se permitirá a permanencia dos pais ou titores no recinto escolar.
- Ningún neno ou nena pode saír do recinto só, ten que facelo sempre acompañado dun adulto. O alumnado de terceiro ciclo terán que pedir autorización á dirección do centro para marchar andando sós para casa e entregar na ANPA unha autorización paterna.

2. **Material:**

- Todos os nenos e nenas teñen que ter un neceser co seu nome escrito nun sitio visible con cepillo e pasta de dentes.
- *Os nenos de Educación Infantil, ademáis do punto anterior e do mandilón, teñen que traer unha muda para cambiarse, unha toallíña de mans e unha foto tipo carné. Tamén, terán que traer unha caixa de zapatos pequena cunha etiqueta da cor da clase co seu nome nun lateral



3. **Espacios:**

- Ademáis do espacio físico de comedor os nenos e nenas, no tempo de lecer, utilizarán os patios exteriores e o pabillón cando o tempo non acompañe. Ademáis habilitarase unha aula para o alumnado de 4º-6º que queira facer os deberes (sempre e cando haxa unha demanda mínima).
- Educación Infantil utilizará a área de xogos situada ó outro lado da entrada do colexio e o "usos múltiples" e a aula de video cando choiva.

4. **Aspectos organizativos:**

- Nin os monitores nin a ANPA se farán responsables da perda ou estragos en xoguetes particulares, polo que se aconsalla que non os traian a fin de evitar conflitos innecesarios.
- Os avisos de baixas ou cambios na rutina habitual (quedar un día a maiores, aviso de falta...) cumpriran os seguintes requisitos:
 - o Faranse sempre cun mínimo dun día de antelación (antes das 5:30 da tarde) e a través do teléfono, do correo ordinario ou do correo electrónico.
 - o O aviso de cambio darase tamén á profesora correspondente a través dunha nota escrita.
- As baixas avisadas que sexán de máis dun día seguido descontaranse na facturación.
- Esta a disposición dos usuarios solicitar para un día ou para unha tempada comer "dieta branda" ou algún tipo de réxime mais tamén haberá que facelo cun día de antelación.
- Os monitores e o coordinador estarán dispoñibles, dentro dos horarios de recollida, para preguntar polos fillos e fillas, ou para calquera dúbida ou queixa que teñan os pais e nais, ademáis do correo electrónico, do teléfono e do buzón.
- Os nenos e nenas, salvo prescrición médica, deberán comer prato e medio da comida servida

5. **Cobro**

- Farase por domiciliación bancaria, na primeira semana de cada mes.
- O importe establecerase na primeira reunión da ANPA por consenso.
 - O cobro será por adiantado e o equivalente a sumar os días lectivos dese mes polo importe do punto anterior. Os descontos de baixas ou días a maiores farase na facturación do mes vencido. *A normativa interna aprobada en Consello Escolar pódese consultar na nosa web*
 - Recibo devolto irá cun sobrecargo de 9€